

In Memoriam

Comité de Redacción de Recursos Rurais

Luciano Sánchez García In Memoriam

© IBADER- Universidade de Santiago de Compostela 2015

O día 15 de abril de 2015 recibimos a noticia, non por esperada menos triste, do falecemento do noso querido compañeiro Luciano Sánchez García. Para nos deixa un recordo indeleble e un legado importante no persoal e no científico.

Pertenceu ao Corpo Nacional de Veterinarios, posto que exerceu en Lugo na Estación Pecuaria tras un breve paso por Canarias. Ocupou a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria nos primeiros anos da Xunta de Galicia e foi Profesor de Anatomía e Producción Animal na Facultade de Veterinaria de Lugo, sendo Decano da mesma. Foi tamén vicepresidente de Caixa Rural Galega. O seu relevante labor e dedicación a favor do sector primario, da que deu claras mostras ao longo da súa traxectoria, realizouno tamén como asesor da Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto de Raza Rubia Galega, e en outras moitas facetas da súa vida profesional.

A constante vocación de investigar e ensinar concreouse na dirección de numerosas teses doutorais, sendo autor, tanto en solitario como xunto a outros compañeiros, de numerosos estudos e publicacións entre as que destacaron sobre todo aquelas dedicadas ás razas autóctonas de Galicia, nas que puxo especial dedicación e agarimo, como as referidas á raza Rubia Galega, á ovella Galega, ao porco Celta ou á galiña de Mos. Foi tamén recoñecido especialmente pola súa enorme achega e labor na Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto de Raza Rubia Galega, como asesor de mellora xenética e promotor por todo o mundo da mesma, o que resultou decisivo para o seu desenvolvemento económico.

No IBADER deu mostras da súa labor primeiro como membro do grupo promotor establecido para a creación do mesmo e, posteriormente, como membro do seu Consello Científico e do Consello de Goberno ata a súa xubilación

A súa visión da vida, na que fixo unha constante demostración de intelixencia e sentido común, a súa dimensión humana como



home, compañeiro e amigo, e a dignidade na maneira de afrontar a súa longa enfermidade de forma serena e elegante, permitíronlle algo que desexaba intimamente, estar activo ata o final. Todos os que tivemos o privilexio de compartir con el algúns momentos da súa traxectoria profesional e persoal lembráremolo sempre.

O Comité Editorial da revista Recursos Rurais, recollendo o sentir de todos os membros do IBADER, así como de todos os colaboradores e autores da mesma, quere dedicar este número á memoria do noso compañeiro e amigo.

Descansa en paz Luciano.

O Comité de Redacción de Recursos Rurais

Lugo, decembro 2014